



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS


TIPOLOXIA:

CASTRO

CLAVE PLANO:

2-P,Q; 3-P,Q

Nº FICHA:

X_003**F 01****PLANO**

DENOMINACIÓN:

Castro do Sino

PARROQUIA:

TEIS

NÚCLEO:

LOCALIZACIÓN:

San Salvador Parque da Rioux

ADSCRICION:

Castrexo

COORDENADAS:

526,100; 4,678,560

CODIGO XACEMENTO:

GA36057003

DESCRICIÓN:

Trátase dun recinto de planta oval que conserva terrapléns en todo o seu perímetro excepto no sector sudeste debido á alteración producida polas distintas construcións. Os terrapléns teñen unha altura sobre a base de 5-15 m, localizándose a máxima pendente natural no sector N/ NW/W/SW/S. No terraplén do sector sudoccidental obsérvanse restos da muralla de pedra; e na zona baixa da ladeira nordeste, aparecen unha serie de muros de pedra in situ sen determinar. Cara o norte posúe un pequeno aterrazamento non podendo determinar, dada a alteración da coroa, a súa posible vinculación co recinto superior. No sector nordeste, a un nivel inferior da coroa, pódese observar, por estudio cartográfico, unha depresión que en realidade rodea o recinto superior por toda a súa cara oriental e pode que constituirá un foxo.

Aparecen restos cerámicos por toda a superficie do castro, especialmente no cumo detrás do Colexio. Os primeiros achados, dúas medallas romanas e cerámica, apareceron no ano 1927 ao extraer pedras dunha canreira. En 1929, seguindo esta noticia, Valentín Mayordomo localiza numerosos fragmentos cerámicos romanos e indíxenas, restos da muralla, etc. No mesmo ano, nunha visita realizada polo profesor Hugo Obermaier, localizouse un "magnífico concheiro".

O xacemento localízase a 74 m.s.n.m.

CATEGORIA:

INCLUÍDO NO CATÁLOGO

AMBITO:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

II-I (G.II-1); II-2 (G.II-2)

ESTADO CONSERVACIÓN:

MALO

PROPIETARIO:

MIXTA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

Bibliografía e documentación: Faro de Vigo 12/2/1929: 1; Hidalgo Cuñarro 1987a: 94; Luaces Anca e Toscano Novella 1992 e 1994; Mayordomo 1929b; Mayordomo 1929c.

ELEMENTOS A PROTEXER

MELLORAS NECESARIAS:

Limpeza e acondicionamento do castro e do seu contorno.

OBRAS PROHIBIDAS:

As que establece o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que establece o nivel de protección